

**Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento aberto simplificado

**Expediente:** 2019/C003/000003

**Documento:** Memoria xustificativa

**Asinante:** Alcalde

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

(Publicarase no perfil do contratante (artigo 63.3 a) da LCSP)

### 1. Situación actual

Xustifícase a necesidade de contratación conforme a LCSP por tratarse de levar a cabo actuacións correspondentes a reposición e melloras de servizos básicos de competencia municipal, de acordo coa regulación que se contén na Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

O proxecto que se pretende levar a cabo é idóneo para a satisfacción do servizo público mencionado ao prever a dotación dunha infraestrutura urbanística de pavimentación en zonas de titularidade municipal coa finalidade de que o servizo sexa debidamente prestado.

### Obxecto do contrato

Descrición: **Adecuación de rúas en Mallou**

### 3. Consideracións técnicas

As condicións técnicas das obras defínense no proxecto técnico xa presentado ante a Deputación Provincial

### 4. Consideracións económicas

#### a) Estudo de mercado

No proxecto técnico aprobado descríbese con detalle as distintas unidades e prezos descompostos, tendo en conta a realidade do mercado

#### b) Valor Estimado

A valoración estimada do contrato, tendo en conta os prezos habituais no mercado, ascende 132.037,64 euros (IVE excluído).

#### c) Financiamento.

De acordo coa resolución de concesión da subvención da Deputación Provincial, o cadro de financiamento é o seguinte:

Deputación	Concello	Total
159.765,54€	0€	159.765,53€

#### **d) Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**

O investimento proposto responde aos criterios de melloras de camiños municipais, polo que considerando tanto a súa execución como a vida útil das obras e a valoración dos gastos futuros e colaterais aos que dará lugar a longo prazo, cumpre o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e conceptúase como un investimento financeiramente sostible nos termos sinalados nos informes do Ministerio de Facenda.

### **5. Procedemento.**

#### **a) Cualificación do contrato.**

Segundo a normativa de contratación vixente o contrato cualifícase como contrato de obras

#### **b) Xustificación do procedemento**

De conformidade co artigo 159.1 da LCSP, os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento Aberto Simplificado nos contratos de obras cando se cumpran as dúas condicións seguintes:

- a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros.
- b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total.

#### **c) Execución por lotes**

Non procede a execución por lotes porque a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato reduciría de maneira drástica o interese das entidades privadas pola súa execución, ao resultar obras de escaso rendemento económico en relación aos equipos humanos e técnicos a desprazar para a execución da mesma e impedindo a correcta execución dende o punto de vista técnico.

#### **d) Duración do contrato**

2 meses

### **6. Conclusións**

Por todo o anteriormente expresado considérase xustificada a necesidade de tramitar o procedemento de contratación da prestación cuxo obxecto se expresa polo procedemento sinalado.